

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR

Proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre e mediante persoal funcionario de carreira, de: DÚAS (2) PRAZAS DE OFICIAL DE ADMINISTRACIÓN, grupo C, subgrupo C2, incluídas na oferta de emprego público do ano 2023.

En Cambados, sendo as 10'30 horas do día 10 de novembro de 2025, reúnen-se na sala de xuntas do Concello os seguintes membros do Tribunal Cualificador do proceso selectivo para a cobertura en quenda libre e mediante persoal funcionario de carreira, de dúas (2) prazas de oficio de administración (Escala: administración xeral; Subescala: auxiliar; Grupo: C; Subgrupo: C2) incluídas na oferta de emprego público do ano 2023:

- Presidente: D. Nedal Pablo Shehadeh Rey (Secretario Xeral do Concello de Cambados)

- Vogais:

- D^a Paula Cacabelos Otero (Interventora do Concello de Cambados)
- D. Pablo Nogueira González (Letrado-Asesor Xurídico do Concello de Cambados)
- D. Alejandro González García (Administrativo Intervención do Concello de Cambados)

- Secretaria: D^a Gema Pérez Santos (Administrativa do Concello de Cambados)

Ao atoparse a totalidade dos membros do Tribunal Cualificador declarase válidamente constituído de acordo co disposto nas Bases do proceso selectivo.

O Tribunal Cualificador, por orde da súa Presidencia e de conformidade co disposto no Decreto da Alcaldía nº 2025-1830 de data 03/11/2025, acordou convocar aos/ás aspirantes para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición (test de carácter obrigatorio e eliminatorio), o día 20 de novembro de 2025 ás 9:00 horas no Salón de Congresos e Exposicións José Peña (Rúa Borrón 14 - 36630 Cambados).

Consonte a base cuarta do proceso selectivo, o exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes, consistirá na resolución por escrito, nun tempo máximo de corenta minutos (40 minutos) dun cuestionario tipo test de 40 preguntas (e 3 de reserva) con 4 respostas alternativas, das que só unha será a correcta, e que gardarán relación coas materias comprendidas no programa que figura na Base 6^a.

As preguntas de reserva deberán ser contestadas polos aspirantes e utilizaranse para substituír aquelas preguntas do exame inicial que, de ser o caso, fosen anuladas polo tribunal, previo acordo motivado ao respecto. Neste suposto, a pregunta anulada do exame inicial terase por non formulada e será substituída pola primeira pregunta de reserva, e así sucesivamente no caso de que houbera mais dunha anulación.

O cuestionario será determinado polo Tribunal inmediatamente antes da realización do mesmo.

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, debéndose obter unha puntuación mínima de 5 puntos para superalo, correspondendo ao tribunal determinar o número mínimo de preguntas acertadas necesario para alcanzar a dita puntuación (nota de corte), que non terá por que corresponderse necesariamente co 50% das preguntas acertadas, e para o que se



terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha (1) correcta.

Os/as aspirantes disporán dun prazo de tres (3) días hábiles para formular reclamacións/alegacións ao respecto dos resultados e cualificacións obtidos, contados a partir do día seguinte á súa publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://cambados.sedelectronica.gal>).

Á vista das reclamacións que se presenten, e no caso de ser estimadas polo Tribunal, realizaranse as oportunas correccións nas puntuacións, publicándose a puntuación definitiva no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://cambados.sedelectronica.gal>).

A orde de actuación dos/as opositores/as iniciárase alfabeticamente por aqueles/as cuxo primeiro apelido comece pola letra "V" de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda do 29 de xaneiro (DOG núm. 18, de 26 de xaneiro de 2023) pola que se publica o resultado do sorteo realizado ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, ao tratarse dunha convocatoria, onde todas as prazas, se corresponden á oferta de emprego público para o ano 2023.

Con carácter previo ao inicio da proba comprobarase a identidade dos/as aspirantes mediante a exhibición do orixinal do documento nacional de identidade, pasaporte ou documento de identificación equivalente. O documento deberá estar en posesión dos/das aspirantes e visible ao longo de todo o exercicio.

O Tribunal recomenda que os aspirantes veñan provistos de bolígrafo azul, lápiz e goma de borrar, para a realización do exercicio.

Levántase a sesión ás 11'00 horas de todo o cal e como Secretaria do Tribunal dou fe.

Cambados, (asinado dixitalmente)

